

PRIMEIRA TAREFA

Nesta actividade imos practicar e reforzar os números ordinais (estabamos comezando a traballalos cando comezou o confinamento).

Colocaremos unha, dúas, tres filas.... (as que vos queirades) de dez obxetos/ xoguetes (aínda que só traballemos ata o quinto, se considerades que o neno ou nena pode traballar máis traballade (estas actividades son sempre orientativas)).

Unha vez feitas as filas hai multitude de variantes, indícovos unhas cantas e vos traballade as que consideredes oportunas.

- Oralmente facemoslle preguntas os nenos e nenas : cal é o primeiro, cal é o último, que colla o segundo e o poña de cuarto, que colla o último e o poña de segundo.... as preguntas que a vos se vos ocorran!
- Se preferides fichas, podemos traballalas de dúas maneiras:
 - o Na primeira ficha, escribimos os obxetos que temos na fila (sempre con puntíños para que os nenos repasen) de arriba a abaixo no lado esquerdo e no lado dereito escribimos 1º, 2º, 3º, 4º e 5º (tamén de arriba a abaixo) e q unan cada obxeto coa orde que teñen na fila. Non vola podo enviar porque non sei os obxetos que ides a empregar.
 - o Na segunda ficha, sería algo parecido a única diferenza sería que en vez dos nomes poríades cinco raias para que os nenos escriban os obxectos e despois so terían que unir co número de orde.

Ao igual ca seriación da semana pasada, eu poñíalle no taboleiro a correlación.

Exemplo: 1 ----- 1º

2 -----2º

3 -----3º

4 -----4º

5 -----5º

SEGUNDA TAREFA

Esta semana en vez de facer un experimento imos facer unha búsqueda do tesouro.

Ao igual que na tarefa anterior podemos facela de dúas maneiras.

- Poden ser os papás e as mamás quen fagan as pistas e escollan o tesouro, e que sexa o neno quen as lea e as busque.
- Pode ser o neno ou nena quen escriba as pistas, sempre coa axuda de mamá ou papá, e escolla o tesouro para que o busque outra persoa.

O número de pistas depende de cada neno ou nena, pero considero que cinco sería un número apropiado.

Exemplo:

Primeira pista:” hai algo doce”. A persoa tería que ir onde gardades o azucre e atoparía outra pista. “ fai frío” e a persoa iría a nevera ou o conxelador e atoparía outra pista. “ Hai moitos xoguetes” e a persoa iría o baúl dos xoguetes, “dúrmese moi ben” e irían a unha cama..... e así ata a última pista que indicaría onde estaría o tesouro.

Obviamente as pistas dependen do lugar no que esteades, as miñas son un exemplo pero intentade que sexa pequeniñas e concisas

.

TERCEIRA TAREFA

A profe Chus dime que vos informe que na vai colgando cousas na páxina do cole no apartado de especialidades en psicomotricidade.

A profe Estela recoméndoume estes dous enlaces por se estades interesados en facer ioga.

<https://www.youtube.com/watch?v=LOYxOzMUGAY>

<https://www.youtube.com/watch?v=Dwt0qeBj85I>

Intento mandar actividades variadas e algo diferentes para traballar para que non sexan repetitivas , pero podes alternar as de esta semana coas da semana pasada ou cas de fai quince días. Ou incluso crear outras novas partindo das que vos envío.